



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS DO CONCELLO DE ORDES (EXP. 2018/E001/000001)

1º EXERCICIO. Cuestionario tipo test

En Ordes, a 13 de decembro de 2018, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de vulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE SERVIZOS VARIOS**, convocada por resolución de alcaldía de data 7 de setembro de 2018.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

- María José Nartallo Pernas, Secretaria-Interventora do Concello de Trazo.
- Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.
- Yolanda Castro Mosquera, funcionaria escala administración xeral, subescala administrativa.

Actúa como Secretario do Tribunal, Pilar Rey Rodís, funcionaria do Concello de Ordes.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente á celebración do 1ª exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes, consistente en contestar un cuestionario tipo test, que constará de 25 preguntas que foron determinados polo tribunal antes da súa realización.

Polo tribunal procédese ao chamamento dos aspirantes, dando comezo polo opositor cuxo primeiro apelido comeza pola letra "G", actuación determinada polo sorteo anual realizado pola Administración da Xunta de Galicia (DOG nº 19, do 26 de xaneiro de 2018), concorrendo ao proceso selectivo :

| ASPIRANTE | DNI / NIE |
|---------------------------------|-----------|
| García Busto, Roberto | 7*8*5*0*H |
| Gil Rosende, Juan | 4*8*5*4*Q |
| Pernas Moar, José Ramón | 7*3*3*8*Q |
| Botana Villaverde, Juan Antonio | 4*9*7*4*P |

(*) Disposición adicional sétima Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

Polos aspirantes procédese ao desenvolvemento do proceso selectivo por un período máximo de 60 minutos.

Rematado o exercicio polo Tribunal procédese á súa valoración, puntuándose cada resposta correcta con 0,40 puntos, restándose da puntuación total así obtida, 0,20 puntos por cada resposta incorrecta.

As respostas en branco e aquelas que conteñan máis dunha alternativa non se valorarán. A puntuación máxima posible a obter neste exercicio será de 10 puntos, sendo preciso obter para superalo un mínimo de 5 puntos.

| ASPIRANTE | DNI / NIE | Puntuación |
|---------------------------------|-----------|------------|
| García Busto, Roberto | 7*8*5*0*H | 10,00 |
| Botana Villaverde, Juan Antonio | 4*9*7*4*P | 8,20 |
| Gil Rosende, Juan | 4*8*5*4*Q | 6,60 |
| Pernas Moar, José Ramón | 7*3*3*8*Q | 4,00 |



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

Superan o primeiro exercicio os aspirantes seguintes:

| ASPIRANTE | DNI / NIE |
|---------------------------------|-----------|
| Botana Villaverde, Juan Antonio | 4*9*7*4*P |
| García Busto, Roberto | 7*8*5*0*H |
| Gil Rosende, Juan | 4*8*5*4*Q |

O Tribunal acorda que se publiquen os resultados coas puntuacións asignadas a cada aspirante no Taboleiro de Anuncios do Concello e web municipal, concedéndose tres días hábiles durante o cal os aspirantes poderán presentar as alegacións que estimen pertinentes en relación coa puntuación outorgada.

RECURSOS:

- Contra o acordo do Tribunal de Selección en caso de non presentarse reclamacións poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de reclamacións.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por terminado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as once horas trinta minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

O Presidente


Jesús Carreira Salvadores



A Secretaria


Pilar Rey Rodís